

**RESOLUCIÓN REITORAL, DO 19 DE FEBREIRO DE 2025, POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS DE POESÍA, RELATO CURTO E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca os Premios de poesía, relato curto e tradución para o ano 2025. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración vixente entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a promoción da lingua galega, de acordo coas seguintes

**BASES**

1.º As modalidades que conforman os premios desta convocatoria son as seguintes: poesía, relato curto e tradución.

2.º Só poderán participar todos os membros da Universidade de Vigo en activo. Porén, non poderá intervir na modalidade de tradución o profesorado que imparta docencia no Grao en Tradución e Interpretación, no Grao en Linguas Estranxeiras, no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios ou no Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.

Os orixinais deberán estar escritos en lingua galega de acordo coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003).

3.º Establécese un primeiro premio de 700 € e dous accésits de 250 € (contías ás que lles aplicarán as retencións legalmente establecidas) para cada unha das modalidades: poesía, relato curto e tradución, que se lles outorgarán aos mellores traballos orixinais de cada modalidade. Todos eles poderán ser declarados desertos a xuízo do xurado.

O financiamento destes premios será por conta da partida orzamentaria 2025 0000 421SNLI 484.99 de Normalización Lingüística.

4.º Os orixinais presentados nesta convocatoria deberán ser inéditos, non premiados noutro certame no momento da decisión do xurado ou estar pendentes de concesión doutro premio. Os autores/as deberán aterse ás seguintes normas para realizaren e presentaren os orixinais:

- Nas modalidades de **poesía e de relato curto** o tema será libre e as autoras e autores deberán axustarse á seguinte extensión:
  - Poesía: mínimo de 100 versos e máximo de 150
  - Relato curto: mínimo de 2500 palabras e máximo de 6000
- Na modalidade de **tradución**, o texto fonte poderá ser de calquera dos seguintes xéneros: literatura, ensaio, divulgación científica, guión cinematográfico ou videoxogos, en calquera idioma e cun mínimo de 2500 palabras e un máximo de 6000. No caso de dúbida sobre a adscrición, o xurado é soberano para decidir se un texto fonte responde aos xéneros recollidos nesta convocatoria.



5.º Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo, en DIN-A4, con letra Times New Roman e corpo 12 nun sobre aberto identificado co lema, alcume ou pseudónimo elixido polo autor/a e o nome da convocatoria (**Premios de poesía, relato curto e tradución 2025**).

Así mesmo, dentro deste sobre, xunto co traballo e coas copias, incluírase outro segundo sobre aberto identificado co devandito lema, alcume ou pseudónimo elixido polo autor/a. Neste sobre interior engadiranse a copia do xustificante do rexistro de entrada (incluírá nome, apelidos, DNI, teléfono e enderezo electrónico da persoa interesada) e o xustificante de matrícula ou copia da cabeceira da nómina. A persoa funcionaria do rexistro pechará este sobre, que só abrirá o xurado no caso de ser premiado. Non será válido o sobre interior que non conteña o citado xustificante de rexistro de entrada.

Ademais, no caso dos traballos presentados na modalidade de tradución, os autores/as deberán presentar en folla á parte a seguinte información do texto fonte: autor/a, título, lingua de publicación, datos da edición da obra (ano, lugar de publicación e editorial) e cinco copias impresas.

6.º Os traballos presentaranse nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixiranse á Área de Normalización Lingüística.

Para garantir o anonimato, os asentos no rexistro realizaranse especificando que se presenta unha **obra aos Premios de poesía, relato curto e tradución 2025** pero sen referirse ao lema/alcume/pseudónimo.

O prazo de presentación dos orixinais permanecerá aberto desde o día seguinte de publicarse esta convocatoria ata o 21 de abril de 2025 ás 14.00 horas. Se o último día do prazo coincide un sábado ou un día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

7.º Os traballos premiados serán propiedade dos autores/as respectivos, agás a primeira edición, que publicará a Universidade de Vigo en formato libro e podcast. En posteriores edicións, se as houber, deberá constar a súa condición de Premio Universidade de Vigo.

8.º O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, estará integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos da creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución.

A decisión será inapelable e a entrega dos devanditos premios terá lugar no acto institucional da Universidade de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas de 2025.

9.º Os orixinais non premiados non se lles devolverán aos autores/as e destruíranse pasados dez días da resolución da convocatoria.



10.º A participación na presente convocatoria supón aceptar as bases, que o xurado e a Área de Normalización Lingüística poderán interpretar nos aspectos non previstos nelas. A copia ou plaxio total ou parcial detectada en calquera candidatura aos premios suporá a súa retirada.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR do 30 de maio de 2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

(asinado dixitalmente)

